

A memoria histórica, en versos e ilustracións, Premio de Poesía de Vilalba

Dúas irmás, as Távora, envían cartas contando o que está a suceder ao seu redor nos primeiros días da Guerra Civil. Un destes escritos é interceptado pola Garda Civil e elas acaban ingresadas no Manicomio de Conxo, en Compostela. A partir de aquí Xurxo Alonso tece unha historia, en verso, que podería ter acontecido en calquera lugar de Galicia.

FICHA TÉCNICA: 103 pp . 14 x 21 cms.
 ISBN: 978-84-18567-57-5 PVP: 16,50 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, PRIMAVERA 2024- *Cartas de Conxo (O legado das Távora)* é a obra gañadora da edición nº 49 do Certame Literario do Concello de Vilalba. Neste poemario, o autor, Xurxo Alonso, poeta e pintor, xoga cos fíos do que aconteceu nos primeiros días da Guerra Civil, mesturando rumores e testemuños, para crear unha realidade que podería ter acontecido en calquera lugar da Galiza.

Dúas irmás, as Távora, envían cartas contando o que está a suceder ao seu redor. Un destes escritos é interceptado pola Garda Civil e elas acaban ingresadas no Manicomio de Conxo (o actual Sanatorio Psiquiátrico en Santiago de Compostela). Dende este lugar, seguen a enviar misivas, pero xa non chegarán ao seu destino, porque disto encargárase unha das monxas.

A partir destes acontecementos, Xurxo Alonso constrúe unha obra que se mergulla, empregando o verso longo e libre, e potentes



ilustracións, naqueles días terribles, naquel tempo de asasinatos, fuxidos, clandestinidade e vinganzas.

Xurxo Alonso (Buenos Aires, 1956) é licenciado en Bioloxía, pintor e poeta. Autor de nove poemarios, recibiu, entre outros, os seguintes premios: Avelina Valladares, Johán Carballeira, Francisco Añón, Bouza-Brey, Concello de Carral, Cidade de Ourense, Díaz Castro, Concello de Marín, Concello de Ames, Torre de Caldaloba –por *Hora de penumbra* (2019), tamén en Alvarellos Editora–, Lueiro Rey, Leiras Pulpeiro e Concello de Vilalba. Como pintor, realizou máis de setenta exposicións individuais e obtivo premios como a Bienal Cidade de Pamplona, Bienal de Pontevedra, Premio Gredos e Bienal Eixo Atlántico.

Para contactar co autor:
xurxoalonsog@gmail.com

